

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 19.04.2021 ata o 21.06.2021.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 13 de abril de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 1075

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NA SEGUNDA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO DE 3 AXENTES DE POLICIA LOCAL, ESCALA BÁSICA, GRUPO C1, DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Por resolución da alcaldía, de data 22 de abril do 2021, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos no proceso selectivo, que se atopa exposta para o coñecemento xeral na web municipal www.monfortedemos.es (apartado procesos selectivos) e no taboleiro de anuncios da casa consistorial.

Conforme as bases da convocatoria os/as aspirantes excluídos/as provisionalmente contan con un prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para subsanar os posibles defectos ou omisións da documentación presentada.

Monforte de Lemos, 22 de abril de 2021.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 1127

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito 5/2021 por concesión de créditos extraordinario 1/CE/2021

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións expediente de modificación de crédito número 5/2021, dentro do orzamento municipal do exercicio 2021, e tendo en conta que durante o período que vai dende o 23 de marzo ó 15 de abril de 2021, según edicto insertado no Boletín da Provincia de Lugo número 65, de data 22 de marzo de 2021 e no Tablón de anuncios do Concello, non se presentaron alegacións contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locales e se fai público a modificación presupuestaria acordada.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DENOMINACIÓN	C. ANTERIOR	INCREMENTO	C. DEFINITIVO
161	619	Construcción dun depósito en Rabaceira	37.739,43	5.054,20	42.793,63

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrucción de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	1.551.106,74
Remanente Utilizado:	0,00
Remanente Líquido de Tesourería Disponible: 1.551.106,74	1.551.106,74
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	5.054,20
Resto de Remanente de Tesourería Disponible:	1.546.052,54

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devanditaxurisdición.